

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/2

DATA: xoves 27 de xaneiro de 2022

LUGAR: salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 20:51 h.

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIO ALCALDE HERMO
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

AUSENTES

PP
MARIANO MOARES RIAL
GERMAN ALLUT VIDAL
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA:

1. Aprobación Acta nº 15/2021 do Pleno en sesión ordinaria do 25/11/2021
2. REC 1/2022. APROBACIÓN FRAS PENDENTES DO EXERCICIO 2021. RELACIÓN H/2021/7
3. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A QUE CUMPRE O ACORDO PARLAMENTARIO UNÁNIME DE ESTENDER O SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO (HADO) AO CONCELLO DE RIANXO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DESTA ANO.

PARTE DE CONTROL

4. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
 - A) Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 01/11/2021 ata o 31/12/2021 que comprenden os números do 912/2021 á 1141/2021
 - B) Actas das Xuntas de Goberno Local
 - Acta 20/2021 da sesión ordinaria do 04.11.2021
 - Acta 21/2021 da sesión ordinaria do 18.11.2021
 - Acta 22/2021 da sesión ordinaria do 02/12/2021
 - Acta 23/2021 da sesión extraordinaria do 30/12/2021
5. Rogos e preguntas

ACORDOS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000002 e identificado pola pagada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=Joxze8xVCOA>

PARTE RESOLUTIVA:

1 APROBACIÓN ACTA Nº 15/2021 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 25/11/2021

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 15/2021 de 25/11/2021

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 25/11/2021, Acta nº 15/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 16 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 REC 1/2022. APROBACIÓN FRAS PENDENTES DO EXERCICIO 2021. RELACIÓN H/2021/7

Dáse lectura da proposta presentada

Expte.: 2022/G006/000016

A Lei 22/2021, do 28 de decembro, dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022 (en adiante, LOXE) ampliou, con carácter excepcional para 2022, o ámbito do Fondo de Ordenación, do Fondo de Financiamento a Entidades Locais na súa disposición adicional nonaxésima cuarta. A consecuencia desta ampliación é que se inclúen con carácter obrigatorio nesta medida as entidades locais cun período medio de pago global a provedores superior a trinta días nalgún dos meses de decembro de 2020, marzo ou xuño de 2021. De acordo coa información subministrada polo Ministerio de Facenda na Oficina Virtual das Entidades Locais, o Concello de Rianxo está incluído no dito plan.

As obrigas pendentes de pago a provedores que se inclúen neste plan (en adiante, MPP) deben reunir os seguintes requisitos:

a) Ser vencidas, líquidas e esixibles e non estar suxeitas a procedementos de embargo, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

b) Que a recepción, no rexistro administrativo da entidade local, da correspondente factura, factura rectificativa no seu caso, ou solicitude de pago equivalente tivese lugar antes do 1 de xullo de 2021.

c) No caso de obrigacións anteriores ao exercicio 2021 terán que contabilizarse antes de 31 de xaneiro deste ano; e, no caso de obrigacións correspondentes a 2021 terán que estar contabilizadas neste exercicio. Todas as obrigacións anteriores deberán quedar aplicadas, se non hai máis remedio, ao orzamento de 2022.

Ademais, as obrigacións pendentes de pago deberán derivar dalgunha das seguintes relacións xurídicas:

a) Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración, servizos, mixtos e os contratos privados de creación e interpretación artística e literaria ou os de espectáculos, de acordo co previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

b) Os contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais previstos na Real Decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

c) Contratos de arrendamento sobre bens inmobles.

d) Subvencións outorgadas no marco da contratación pública, en concepto de bonificación das tarifas pagas polos usuarios pola utilización dun ben ou servizo, na parte financiada pola Entidade Local.

e) Concertos subscritos en materia sanitaria, educativa e de servizos sociais, incluídos os subscritos cunha entidade pública que non se atope incluída na definición de Entidade Local no ámbito do seu respectivo subsector.

f) Convenios de colaboración, sempre que o seu obxecto sexa a realización de actuacións determinadas a cambio dunha contraprestación.

g) Encomendas de xestión nas que a entidade encomendada non se atope incluída na definición de Entidade local no ámbito do seu respectivo subsector.

h) Concesións administrativas.

i) Indemnizacións por expropiacións recoñecidas por resolución xudicial firme polo concepto xa liquidado xudicialmente, sempre que a Administración sexa a beneficiaria da expropiación, e o seu importe non se atope cuberto polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

j) Transferencias das entidades locais a asociacións e institucións sen fins de lucro e con fins sociais que desenvolvan as súas actividades principalmente no ámbito dos colectivos aos que aluden os artigos 39, 49 e 50 da Constitución española.

Quedan excluídas as obrigacións de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, fóra das que deriven das relacións xurídicas referidas a encoméndalas de xestión, os concertos en materia sanitaria, educativa e de servizos sociais e as transferencias previstas na letra j) do apartado anterior.

O procedemento aplicable ao MPP desenvólvese na Resolución do 07/01/2022, da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómica e Local, pola que se establecen as instrucións relativas ao calendario, actuacións, contido dos plans de axuste, e da súa revisión, e dos modelos para utilizar no procedemento extraordinario de financiamento para a cancelación das obrigas pendentes de pago de determinadas entidades locais. O artigo 1 establece que *os interventores das entidades locais (...) deberán achegar entre o 17 de xaneiro de 2022 e o 11 de febreiro de 2022, ambos incluídos, na plataforma telemática que se habilite (...) unha relación certificada de todas as obrigas pendentes de pago que cumpran os requisitos e condicións establecidas (...).*

Este mecanismo supón a formalización dun préstamo por un importe equivalente ao importe dos gastos que reúnan os requisitos indicados anteriormente e que se lle comuniquen ao Ministerio de Facenda. Asemade, deberá actualizarse o plan de axuste vixente e aprobarse polo Pleno, terá unha nova vixencia. A vixencia do novo plan de axuste estará vinculada ao prazo da operación de endebedamento que se formalice, aínda sen determinar.

As facturas pendentes de aprobación e aplicación orzamentaria que cumpren os requisitos para a súa inclusión no MPP son as seguintes, de acordo co rexistro contable de facturas:

RELACIÓN DE OBRIGAS PENDENTES DE APLICACIÓN H/2021/7

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
F/2021/1102	16/03/21	21 120	15/03/21	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	LG. DE O REGUEIRO - ISORNA - RIANXO / REPOSICIÓN LÍNEA ELÉCTRICA DEBIDO A / CAÍDA DE ÁRBOL SECCIONANDO LA MISMA / Trab	165	21300		439,30 €
F/2021/1968	24/05/21	2021 117	21/05/21	B15090061	Tarrio y Suarez, S.L.	Traballos de reparación e mantemento de parque infantil de ""Santa Lucía - Asados"", consistente en substitución elemento d	171	61900	2021 4 3 1 1	5.203,00 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/2 2	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMIENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.396,93 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/2 2	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMIENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	829,96 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/2 2	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMIENTO E ABASTE. NO LG. DE A	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.106,27 €

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
						POUSADA (FASE 2)				
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.283,57 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	167,29 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.300,64 €
									IMPORTE TOTAL:	11.726,96 €

Trátase de facturas que non tiñan cumprimentados todos os requisitos e non se incluíron no CE 3/2021, destinado a financiar facturas recibidas no exercicio 2021. Finalmente, quedaron pendente de aprobación e aplicación orzamentaria a 31 de decembro. Dado que o importe total non é elevado no conxunto do orzamento, considérase conveniente tramitar a súa aprobación e pagamento antes do 11 de febreiro, data do vencemento do prazo para que a Intervención Municipal remita as facturas ao Ministerio, e evitar acudir ao MPP.

O 19/01/2022 a Intervención Municipal emitiu informe de fiscalización IR 01/2022 coas seguintes conclusións:

"4. CONCLUSIÓN

4.1 Resultado da función interventora

- Facturas con informe favorable:
- Observacións que non son motivo de reparo:
- Facturas sen reparo suspensivo:
- Facturas con reparo suspensivo:

Nos casos de omisión do expediente de requisitos ou trámites esenciais, nalgún dos seguintes supostos (artigo 12.3 RCI)

Cando se omitisen requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da entidade local ou a un terceiro.

1. Omisión da licitación no caso de prestacións periódicas, de tracto sucesivo e de carácter estrutural que exceden dos límites da contratación menor. Xa se emitiron reparos con carácter extensivo nos informes IR 6/2021, unicamente para as prestacións indicadas (remítome ao apartado 3.3.2 deste informe), polo que non é preciso emitir un novo por este motivo. Non obstante, o alcalde debe resolver igualmente o reparo.

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
F/2021/1102	16/03/21	21 120	15/03/21	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	LG. DE O REGUEIRO - ISORNA - RIANXO / REPOSICIÓN LÍNEA ELÉCTRICA DEBIDO A / CAÍDA DE ÁRBOL SECCIONANDO LA MISMA / Trab	165	21300		439,30 €

2. No apartado anterior, non se procedeu á verificación da existencia de crédito axeitado e suficiente con anterioridade á contratación (verbal). Polo tanto, aínda que non se trata dun contrato menor, a ausencia dun contrato, supón que debe utilizarse o procedemento previsto na BEO 14ª bis (proposta de gasto) para garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente, no caso de que se preste o servizo.

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
F/2021/1102	16/03/21	21 120	15/03/21	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	LG. DE O REGUEIRO - ISORNA - RIANXO / REPOSICIÓN LÍNEA ELÉCTRICA DEBIDO A / CAÍDA DE ÁRBOL SECCIONANDO LA MISMA / Trab	165	21300		439,30 €

3. Omisión do procedemento previsto para a contratación menor, previsto na BEO 14ª bis do Orzamento.

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
F/2021/1968	24/05/21	2021 117	21/05/21	B15090061	Tarrio y Suarez, S.L.	Traballos de reparación e mantemento de parque infantil de ""Santa Lucía - Asados"", consistente en substitución elemento d	171	61900	2021 4 3 1 1	5.203,00 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/22	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.396,93 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/22	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	829,96 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/22	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.106,27 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.283,57 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	167,29 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.300,64 €
									IMPORTE TOTAL:	11.287,66 €

O órgano competente para a resolución do reparo, no seu caso, é, de acordo co artigo 217 TRLFL:

O alcalde

O Pleno

4.2 Omisión da función interventora

Tivo lugar a omisión da función interventora:

Si

Non

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base 14ª das Bases de Execución do Orzamento.

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

PRIMEIRO

Resolución e levantamento do reparo suspensivo IR 01/2022 emitido pola Intervención no sentido de continuar coa tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial 01/2022.

SEGUNDO

Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 01/2022, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
F/2021/1102	16/03/21	21 120	15/03/21	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	LG. DE O REGUEIRO - ISORNA - RIANXO / REPOSICIÓN LÍNEA ELÉCTRICA DEBIDO A / CAÍDA DE ÁRBOL SECCIONANDO LA MISMA / Trab	165	21300		439,30 €
F/2021/1968	24/05/21	2021 117	21/05/21	B15090061	Tarrio y Suarez, S.L.	Traballos de reparación e mantemento de parque infantil de ""Santa Lucía - Asados""", consistente en substitución elemento d	171	61900	2021 4 3 1 1	5.203,00 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/2 2	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos	PROX. DOTACION REDE SANEAMIENTO E	160	62300	2021 4 6 1 1	1.396,93 €

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
					Gonzalez	ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)				
F/2021/4028	12/04/21	21/11/2 2	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	829,96 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/2 2	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.106,27 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.283,57 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	167,29 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.300,64 €
									IMPORTE TOTAL:	11.726,96 €

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE 21/01/2022

Rematado o debate e sometida a votación a proposta da alcaldía, a Comisión Informativa acorda por unanimidade dos 7 concelleiros/as presentes, dos 9 que a constitúen, ditaminar FAVORABLEMENTE ao Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Resolución e levantamento do reparo suspensivo IR 01/2022 emitido pola Intervención no sentido de continuar coa tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial 01/2022.

SEGUNDO

Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 01/2022, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
F/2021/1102	16/03/21	21 120	15/03/21	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	LG. DE O REGUEIRO - ISORNA - RIANXO / REPOSICIÓN LÍNEA ELÉCTRICA DEBIDO A / CAÍDA DE ÁRBOL SECCIONANDO LA MISMA / Trab	165	21300		439,30 €
F/2021/1968	24/05/21	2021 117	21/05/21	B15090061	Tarrio y Suarez, S.L.	Traballos de reparación e mantemento de parque infantil de "Santa Lucía - Asados", consistente en substitución	171	61900	2021 4 3 1 1	5.203,00 €

Nº Rex	Data Rex.	Doc.	Data Doc.	Terceiro	Nome	Texto Libre	Progr.	Econ.	Prox.	Importe
						elemento d				
F/2021/4028	12/04/21	21/11/22	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.396,93 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/22	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	829,96 €
F/2021/4028	12/04/21	21/11/22	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDE SANEAMENTO E ABASTE. NO LG. DE A POUSADA (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.106,27 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	160	62300	2021 4 6 1 1	1.283,57 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	161	62300	2021 4 6 1 1	167,29 €
F/2021/4029	12/04/21	21/14	12/04/21	76967187X	Juan Carlos Bastos Gonzalez	PROX. DOTACION REDES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO LG. DE VILAS (FASE 2)	1531	61900	2021 4 6 1 1	1.300,64 €
									IMPORTE TOTAL:	11.726,96 €

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 16 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A QUE CUMpra O ACORDO PARLAMENTARIO UNÁNIME DE ESTENDER O SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO (HADO) AO CONCELLO DE RIANXO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DESTA ANO.

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a INSTAR A XUNTA DE GALICIA A QUE CUMpra O ACORDO PARLAMENTARIO UNÁNIME DE ESTENDER O SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO (HADO) AO CONCELLO DE RIANXO NO PRIMEIRO TRIMESTRE DESTA ANO, sen contar con dictame previo de Comisión Informativa, resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 13 membros presentes dos 16 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para o paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións. Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar coordinadamente e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio Plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega mais, xa chegados ao ecuador do programa, na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país. Así, mentres algunha presta o HADO a todo o seu territorio, na de Santiago de Compostela e Barbanza ese servizo só lle corresponde a pacientes da capital galega e aos que habitan nunha área de ata 25 quilómetros da Unidade, deixando así fóra a núcleos como Rianxo, por exemplo.

Os membros da comisión 5ª do Parlamento de Galicia acordaban por unanimidade o pasado 16 de decembro de 2021 instar ao Goberno galego a “estender o servizo de Hospitalización a Domicilio á totalidade da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza antes de que remate o primeiro trimestre do ano 2022”.

O Sergas está respondendo ás reclamacións que a veciñanza de Rianxo realizou individualmente o pasado ano na plataforma de queixas para demandar o servizo de HADO no seu concello da seguinte maneira: “Confiamos en que moi pronto, previsiblemente no primeiro semestre de 2022, toda a área sanitaria de Santiago e Barbanza poida gozar deste servizo”.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE de Rianxo presenta para a aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que cumpra o acordo parlamentario unánime de estender o servizo de Hospitalización a Domicilio (HADO) ao Concello de Rianxo no primeiro trimestre deste ano xa que a cidadanía de Rianxo non merece que se lle negue ese servizo por máis tempo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 13 membros presentes, dos 16 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

4 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa o Pleno das resolucións da Alcaldía da 912/2021 á 1141/2021 ditadas nos meses de novembro e decembro que foron trasladadas ás persoas que compoñen o Pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

A Presidencia informa o Pleno das actas da Xunta de Goberno que foron trasladadas ás concelleiras e aos concelleiros xunto coa convocatoria desta sesión:

- 1 Acta 20/2021 da sesión ordinaria do 04.11.2021
- 2 Acta 21/2021 da sesión ordinaria do 18.11.2021
- 3 Acta 22/2021 da sesión ordinaria do 02/12/2021
- 4 Acta 23/2021 da sesión extraordinaria do 30/12/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

5 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000002 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=Joxze8xVCOA>